

A NUA LENTITUDE

Ricardo Martínez-Conde

**... porque o Poeta atribúe beleza
ó que ama, sen máis.**

Anónimo s.V a.C.

Nadie inicia
a cirimonia da mañá,
mais existe.

Na ponla
o merlo vixía o paso
das formigas.

Foxe da choiva
o barquiño de vela.
Melancolía.

¡A luz
fáille cóchegas
á herba!

A campá,
sé de longos segredos,
láias.

Fumega a cachimba.
quedan moitas preguntas
sen resposta.

Como era pobre
déulle como regalo
o seu corazón.

Pingan as follas.
A lenta cortesía
chegou.

No libro está
a paisaxe esquecida
que agardabamos.

Cidade vella:
a choiva esvara por canais
de pedra.

Beata antiga.
Árbores da capeliña.
¿Quén os coidará?

Pinga a pinga.
Toda a tarde baixando
dende o silencio.

¡Olla
en silencio melancólico
ó paxariño!

¡Poucas mañás
haberán transcurrir xa
ata que floreza!

Os camiños
coñecen os segredos
da noite.

¿Ata onde
puedeche ollar hoxe
gaivotiña?

É noite.
¿Qué pensará o Tempo
a soas?

¡Pousou
as mans na neve
e escoitou!

A choiva
está a facer os ríos
invisibles.

Choiva de maio
de nada adoece.
O tempo pasa.

O can só
rexeita as tentacións
da noite.

Vive alí,
preto da praia,
lonxe da inquietude.

Maxinaba
que as cereixas durmen
nas follas.

¡As flores,
tán nobles, indiferentes
ó saúdo!

A capeliña
agardará outro século
en silencio.

Chove.
grave incertidume acerca
de todo.

As bidueiras
senten as cóchegas do río:
lecer nas follas.

A vella cidade
escoita o mencer.
Garda silencio.

¡Bolboretas
a enredar no amor:
o contraluz!

O bichiño
dubidou baixo o sol:
veu o paxaro.

Na carballeira
luz de domingo nas follas.
Vivir é sentir.

Esperando
baixo a sombra do tilo
¿ouvíase a flor?

Miragrosamente
m néboa todo o cubre
sen tocar nada.

Día de sol.
Bica aquí, bica alá
o andarríos.

Tódalas tardes
cruzan de vagar paxaros
soñadores.

O grande mar
estende toda a paz
das dúbidas.

Miraba
de cotío a mesma flor.
Amor que agarda.

A sombra
move as suas liñas
quedamente.

¿Cobiza
de non ser bolboreta?
¡O caravel!

¡Escoitade:
o barquiño de vela
vai virar!

Acougo
de vaga lentitude
ten a flor.

Mar
como única forma
do tempo.

Tan pequeno,
mais o xílgaro é libre
por sí so.

Anda na area
e semella que baila
o birulico.

O neniño
veu a pomba na rúa
e esperou.

Rexeita o vó
o peixe fora da auga.
Cada quen ó seu.

Lúa chea.
Tódalas flores durmen.
Eu escoito.

¿Veñen do ceo?
¿Onde acougan as gaivotas?
¿Van ó ceo?

Día de festa.
O músico non reparóu
no verderol.

Longa conversa
da herba coa auga.
¿Ven a primavera?

¡Paxariños!:
loitan por un anaco
de ponla.

Haberá amor
na estación desexada.
Floriñas do río.

Choiva de abril.
Da luz do ceo ninguén
dá razón.

Mañá de verán:
Un merlo espido preto
das flores blancas.

Miudo
é o paso da tartaruga:
non hai cobiza.

Xunto as mans
e escoito á beira do río.
O tempo suspira.

Os bimbios
puxan por ser flores:
doce verán.

Xogo dos nenos
á sombra do castiñeiro.
Verán que amaina.

Veleiriños novos.
Bolboretas do mar.
Ledo verán.

Na tardiña
cada eco ó seu fogar.
O equilibrio.

O reverendo
non reparou nas flores.
Pagano vivir.

Árbore florida:
deseño da harmonía
da natureza.

¡Acios que
semellan choiva dourada
esperando!

A choiva lene
trouxo a noticia:
novo Outono.

Ese home
camiña coa gravidade
da choiva.

A fiesta
láíase. Espertóuna
o Outono.

O río
un ano mais acollerá
ás follas vencidas.

Zoa o vento.
O mar non atopa xeito
para durmir.

As follas
tremen no desasosego.
Vento mareiro.

A noitiña
axeita a madexa que desteceu
o día.

Toda a noite
estivo a xemer:
mar do inverno.

A morte
semella ennobrecida.
Lento novembro.

Os barcos
foxen do noxo do mar.
Crú inverno.

¿Qué pensarán
as árbores sin follas?
¿Qué se dirán?

A morte é branca
como lentíssima
gaivota.

